

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

PC601.01 Probas de acceso

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
1	29-05-2015	Seguimento ACSUG	29-09-2015
2	30-01-2017	Adecuación Orde 21-11-2016	03-03-2017
3	12-09-2017	Revisión a partir das suxestións profesorado	28-02-2017

DENOMINACIÓN

Deseño, inscrición e realización de probas de acceso

OBXECTO

- Establecer as bases e aspectos xerais relativos aos procesos de admisión do alumnado na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- Oferta educativa oficial da ESAD de Galicia no relativo aos estudos superiores.

RESPONSABILIDADES E FUNCIÓNS

Dirección

- Velar polo adecuado desenvolvemento do procedemento.
- Convocar as reunións dos órganos competentes para a toma de decisións.
- Atender suxestións e reclamacións relativas aos procedemento.

Xefatura de Estudos

- Organizar os recursos humanos e materiais para o correcto desenvolvemento do procedemento.

Secretaría

- Supervisar a organización interna do procedemento, e os procesos de información pública relativos ao mesmo.
- Formar parte da Comisión de Probas de Acceso creada anualmente pola Administración educativa para o desenvolvemento do procedemento.
- Facer públicas as normativas aplicables, os prazos de cada unha das fases do procedemento, e os resultados parciais ou finais do mesmo, informando dos prazos de reclamacións.
- Trasladar a documentación pertinente e os resultados finais do procedemento á Administración educativa.

Consello Escolar

- Coñecer o desenvolvemento anual do procedemento.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

- Participar na organización interna do procedemento.
- Aprobar o desenvolvemento da proba específica establecida pola lexislación vixente en relación á natureza, contidos e pauta de traballo en cada un dos exercicios.
- Aprobar os materiais que poidan ser utilizados na proba de acceso específica nas diferentes especialidades, segundo establece a lexislación vixente.

Servizo de Garantía Interna de Calidade

- Elaborar o procedemento a partir da normativa aplicable e as propostas da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Departamento de Calidade

- Velar polo adecuado desenvolvemento do procedemento, e proceder á súa revisión cando for preciso.
- Realizar enquisas para coñecer a información relativa ao procedemento e a valoración do mesmo por parte de todos os seus usuarios.

Departamentos

- Aprobar e propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica o desenvolvemento da proba específica establecida pola lexislación vixente en relación á natureza, contidos e pauta de traballo en cada un dos exercicios.
- Aprobar e propoñer á Comisión de Coordinación pedagóxica textos e outros materiais que poidan ou deban ser utilizados no desenvolvemento académico do procedemento.

Persoal de administración e servizos

- Ofrecer información sobre o procedemento.

DESENVOLVEMENTO

As probas de acceso aos estudos superiores de arte dramática na Comunidade Autónoma de Galicia están reguladas polo Decreto 179/2015, de 29 de outubro (DOG do 7 de decembro de 2015) e pola Orde do 21 de novembro de 2016 (DOG do 1 de decembro de 2016). A norma establece os requisitos de ingreso e o desenvolvemento das probas.

- As probas de acceso son convocadas anualmente pola Dirección Xeral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que sexa competente en materia de ensinanzas artísticas superiores. Esta convocatoria realízase no mes de maio e inclúe o prazo de inscrición para as mesmas que adoita transcorrer entre finais de maio e primeiros de xuño.
- As probas adoitan celebrarse entre a última semana do mes de xuño e a primeira semana do mes de xullo.
- A ESAD de Galicia fará público o calendario das probas mediante o documento recollido no Anexo I do presente procedemento, e igualmente fará público o número de prazas de novo ingreso para cada unha das especialidades.
- De non cubrirse todas as prazas a Administración educativa poderá realizar unha convocatoria extraordinaria que decorrerá na primeira semana de setembro.
- Poderán participar nas mesmas quen estea en posesión do título de bacharel ou equivalente, que para os efectos equivale a ter superada a proba de acceso á universidade para persoas maiores de 25 anos, ou a proba para maiores de dezanove anos establecida no artigo 69.5 da Lei Orgánica de Educación, e que anualmente convoca a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 28 de abril de 2016).
- A inscrición realizarase nos prazos establecidos na convocatoria, e o centro publicará en tempo e forma as listaxes (provisionais e definitivas) de persoas admitidas e, de ser o caso, excluídas, así como os prazos de reclamación.
- Para a realización das probas a Dirección Xeral competente en materia de ensinanzas artísticas superiores nomeará unha Comisión que supervise todo o proceso académico, presidida por persoa designada pola administración educativa e na que participarán as persoas que exerzan a xefatura dos departamentos didácticos da ESAD e a persoa que detente o cargo da Secretaría académica da ESAD.
- Para a realización das probas a ESAD de Galicia fará públicas, coa antelación suficiente, as instrucións relativas á realización das mesmas relativas a materiais de traballo, tipos de exercicio, exemplos a seguir, e cantos recursos faciliten a adecuada

preparación das mesmas polas persoas aspirantes. Estas instrucións deberán facerse públicas no mes de marzo.

- Para a realización das probas a administración educativa nomeará os tribunais por cada especialidade contemplados na lexislación vixente.
- O acceso realízase mediante un única proba que comprenderá diferentes exercicios, referidos á especialidade á que opten as persoas aspirantes. A información relativa a cada un dos exercicios e o desenvolvemento dos mesmos estará dispoñible na páxina web da Escola. Os aspectos básicos da proba específica de acceso así como os criterios de avaliación da mesma son os recollidos no Anexo II do presente documento.
- Para o alumnado que teña acreditada documentalmente algunha discapacidade, e que así o solicite, o tribunal da especialidade que corresponda deberá adoptar as medidas necesarias para que os aspirantes con algunha diversidade funcional poidan realizar a proba en condicións de igualdade.
- Igualmente, e en aplicación do establecido na Lei 3/2012, do deporte en Galicia, cada tribunal reservará as prazas necesarias para facilitar o acceso de aspirantes coa condición de deportista galego de alto nivel e/ou rendemento, sempre que acrediten documentalmente a dita condición e reúnan os requisitos académicos establecidos.
- Unha vez realizado cada un dos exercicios, cada tribunal emitirá unha acta cos resultados provisionais mediante o modelo AC601.01, na que se reflicte a media aritmética da cualificacións outorgada por cada integrante do tribunal, que se recollen na acta recollida no Anexo III. A cualificación de cada integrante do tribunal, así como a media aritmética global, expresarase sempre en termos numéricos nunha escala de 0 ao 10, con dous decimais.
- As persoas aspirantes desconformes cos resultados obtidos poderán presentar unha reclamación nun prazo de dous días contados a partir da comunicación oficial dos mesmos.
- Atendidas as reclamacións e finalizados os prazos de reclamación, cada tribunal emite unha acta cos resultados que se trasladarán á administración educativa, quen fará pública a listaxe de persoas admitidas, indicando o prazo para a realización da matrícula.

Para atender as demandas de información a ESAD de Galicia fixo pública unha folia con preguntas frecuentes IP601.08 que está a disposición do público en xeral na páxina web do centro e na conserxería da Escola, e p IP601.10, sobre os aspectos básicos das probas de acceso.

Unha vez finalizadas as probas as persoas integrantes dos tribunais nomeados aos efectos poderán trasladar á dirección da Escola aquelas suxestións que estimen oportunas en relación cos procesos de mellora das mesmas, propostas que, de ser o caso, se incorporarán a este procedemento na súa revisión anual ou se trasladarán á administración educativa para os efectos oportunos.

Os tribunais das probas de cada especialidade poderán elevar á Xefatura de estudos un informe relativo á creación de grupos no curso de novo ingreso, atendendo a criterios educativos explícitos como distribución por xénero, idade, atención á diversidade, ou calquera outro que se estime conveniente.

ANEXO I**CALENDARIO OFICIAL PRUBAS DE ACCESO**

Pola presente faise público o calendario para as probas de acceso na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia para o curso 20XX-20XX.

ACTIVIDADE	DATAS
Inscrición nas probas.	
Listaxe provisional de persoas admitidas nas probas.	
Reclamacións listas de persoas admitidas nas probas.	
Listaxe definitiva de persoas admitidas nas probas.	
Convocatoria para a realización das probas, indicando grupos (de ser o caso), día, aula e hora, por parte de cada Tribunal.	
Realización dos diferentes exercicios das probas.	
Publicación de resultados provisionais das probas por Tribunal.	
Reclamacións aos resultados provisionais.	
Listaxe de persoas admitidas.	
Matrícula.	

O Secretario académico,

ANEXO II

Características e desenvolvemento da proba específica de acceso e criterios de avaliación da mesma.

ESPECIALIDADE DE DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA

Coa antelación necesaria o Tribunal fará público o horario en que se realizarán cada un dos exercicios que máis abaixo se sinalan, así como a convocatoria para a realización da entrevista persoal con cada unha das persoas aspirantes.

	DESENVOLVEMENTO E CRITERIOS DE REALIZACIÓN E AVALIACIÓN
EXERCICIO 1 Comentario dun texto teórico sobre a dirección de escena e/ou a dramaturxia. (20 % da cualificación final)	Valórase a comprensión do texto e a análise da idea principal e das secundarias, así como o desenvolvemento da opinión persoal do/a aspirante en relación con elas. De coñecerse o texto ou o autor/a, poderá ofrecerse unha visión xeral dos seus puntos de vista e da súa traxectoria no mundo teatral. Tamén se suxire situar e vincular a análise no marco das artes escénicas, establecendo relacións con outras visións, sexan estas similares ou contrapostas.
EXERCICIO 2 Realización dunha proposta de escenificación. (20 % da cualificación final)	A partir dun fragmento dunha obra dramática ou doutros materiais. Neste exercicio valórase a coherencia entre a visión particular que se escolle para o texto proposto e a resolución do proxecto escénico. Que interesa do texto? Que se quere contar e como se vai facer? Que se quere provocar no espectador? Como será o desenvolvemento da peza? É importante articular unha proposta onde cada elemento da linguaxe escénica (interpretación, espazo escénico, vestuario, espazo sonoro...) se vexa reflectido, xustificando as eleccións e poñéndoas en relación unhas con outras.
EXERCICIO 3 Escrita dun texto dramático. (20 % da cualificación final)	Neste exercicio danse uns parámetros a partir dos que desenvolver a escrita dunha escena ou peza breve. Pode ser a partir dunha determinada estrutura de acción na que se sinalan os actantes fundamentais (Suxeito / protagonista, opoñentes / antagonistas, axudantes, etc.); pode ser a partir duns personaxes nun espazo; pode ser a partir dunha réplica ou suceso que desencadea a acción. Valórase a adaptación da escrita dramática ás premisas que se sinalen no exercicio así como o seu grao de coherencia e sentido.
EXERCICIO 4 Dirección de actores e actrices. (20 % da cualificación final)	Neste exercicio darase a cada aspirante un pequeno diálogo para dous personaxes. O/a aspirante dirixirá ese texto durante un tempo non inferior a 5 minutos nin superior a 10. Disporá como actores/actrices de dúas persoas que indique o tribunal. Durante o exercicio, o/a aspirante indicará aos/ás actores/actrices a súa proposta de situación e daralles as claves iniciais pertinentes para que poidan realizar un primeiro pase. Despois deste, o/a aspirante deberá realizar, como mínimo, unha nova quenda de indicacións aos/ás intérpretes para mellorar a proposta. Valórase a capacidade comunicativa do/a aspirante, o tipo de indicacións que dá e a organización e optimización do tempo. Recoméndase concreción e concisión, dar só as indicacións precisas para poder empezar e ir traballando sobre o que se ve.
EXERCICIO 5 Entrevista persoal. (20 % da cualificación final)	a) O/a aspirante lerá en voz alta os exercicios escritos 1, 2 e 3. Ao remate, o tribunal poderá facer preguntas sobre os mesmos. b) O/a aspirante terá entre cinco e dez minutos para facer unha presentación del/a mesmo/a, onde ademais dos datos persoais inclúa os seguintes temas: motivación para querer entrar na escola, por cal

	das opcións ten maior interese (dirección escénica ou dramaturxia) no caso de telo claro, gustos teatrais e artísticos, dispoñibilidade de asistencia regular a clase... Logo da presentación, o tribunal efectuará as preguntas convenientes para completar a información que considere precisa sobre o/a aspirante.
--	---

ESPECIALIDADE DE ESCENOGRAFÍA

Coa antelación necesaria o Tribunal fará público o horario en que se realizarán cada un dos exercicios que máis abaixo se sinalan, así como a convocatoria para a realización da entrevista persoal con cada unha das persoas aspirantes. Para a realización dos exercicios 1 e 2 os aspirantes deberán traer os materiais que estimen necesarios para un óptimo desenvolvemento da mesma.

	DESENVOLVEMENTO E CRITERIOS DE REALIZACIÓN E AVALIACIÓN
EXERCICIO 1 Debuxo do natural. (40% da cualificación final)	Realización dun debuxo dun elemento ou conxunto de elementos seguindo a técnica da copia do natural. Valorarase a técnica utilizada, a adecuación do formato e proporcións, a perspectiva, as proporcións e o axuste ao modelo proposto.
EXERCICIO 2 Proposta dun deseño de escenografía. (40% da cualificación final)	A partir dun fragmento dun texto dramático ou doutra proposta temática, os aspirantes deberán realizar unha proposta de deseño dun espazo escénico, no que os incluírán elementos e útiles escénicos que estimen necesarios. Valorarase a adecuación entre o estímulo proposto e a realización práctica, e o feito de que se complete o traballo no tempo dispoñible.
EXERCICIO 3 Entrevista persoal. (20% da cualificación final)	Cunha duración non superior a vinte minutos, terá como finalidade coñecer as experiencias previas dos aspirantes no ámbito das artes plásticas e no campo escénico, así como os seus intereses e expectativas en relación cos estudos.

ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN

As persoas aspirantes serán divididas en grupos, creados por orde alfabética e cada grupo realizará varias sesións de traballo con actividades propias dos procesos de ensinanza e aprendizaxe e centradas nas áreas de movemento, voz e interpretación, amais dunha entrevista persoal. As persoas deberán vir provistas de roupa cómoda, axeitada para realizar traballos propios das ditas áreas. Coa antelación necesaria o Tribunal fará pública a composición de cada grupo e o horario en que cada un deberá comparecer para realizar os exercicios que máis abaixo se indican. Igualmente, o Tribunal fará pública a convocatoria para a realización da entrevista persoal con cada unha das persoas aspirantes.

	DESENVOLVEMENTO E CRITERIOS DE REALIZACIÓN E AVALIACIÓN
EXERCICIO 1 Movemento. (30 % da cualificación final)	Realizaranse diversas propostas prácticas de traballo orientadas a analizar as aptitudes corporais, a creatividade no movemento e o nivel de interacción co grupo de cada unha das persoas aspirantes.
EXERCICIO 2 Voz.	Realizaranse diversas propostas prácticas de traballo orientadas a analizar a conciencia e o uso da respiración, a calidade vocal, e a

(30 % da cualificación final)	comprensión e expresión lectora, o que pode implicar a memorización dun texto breve.
EXERCICIO 3 Interpretación. (30 % da cualificación final)	Realizaranse diversas propostas prácticas de traballo orientadas a analizar aptitudes e actitudes necesarias como concentración e capacidade de esforzo ou habilidades para interactuar cos demais e traballar en grupo. Algunha das actividades a realizar pode implicar a memorización dun texto breve.
EXERCICIO 4 Entrevista persoal. (10 % da cualificación final)	Cunha duración non superior a vinte minutos, terá como finalidade analizar as destrezas expresivas das persoas aspirantes e a súa capacidade de resposta, así como a de ter información sobre as súas experiencias previas no campo escénico, os seus intereses e expectativas.

ANEXO III: CUALIFICACIÓN PROBA DE ACCEO EN DIRECCIÓN ESCÉNICA E DRAMATURXIA

NOME E APELIDOS DO ASPIRANTE:

NOME E APELIDOS MEMBRO DO TRIBUNAL:

EXERCICIO 1 (20% da nota final): Comentario dun texto teórico sobre a dirección de escena e/ou a dramaturxia.	DEFICIENTE 0,00 – 4,99	REGULAR 5,00 – 6,99	BO 7,00 – 8,99	EXCELENTE 9,00 – 10	OBSERVACIÓNS
Comprensión e valoración das ideas principal e secundarias do texto.					
Análise crítica e razoada escrita con corrección lingüística.					
Relación do fragmento proposto coa obra e co autor e a súa traxectoria teatral.					
Contextualización do texto no marco das artes escénicas: exemplificación dos contidos do fragmento en relación a outros creadores/as, movementos teatrais, obras dramáticas, xéneros, tendencias escénicas...					
EXERCICIO 2 (20% da nota final): Realización dunha proposta de escenificación.	DEFICIENTE 0,00 – 4,99	REGULAR 5,00 – 6,99	BO 7,00 – 8,99	EXCELENTE 9,00 – 10	OBSERVACIÓNS
Lectura escénica do texto. Temas principal e secundarios. Análise da progresión dramática e a acción escénica.					
Enunciación da idea base. Sentido e intencionalidade da proposta escénica.					
Coherencia entre a visión particular que se escolle para o texto e a proposta escénica					
Relación e xustificación entre a idea base e os diferentes elementos de significación: luz, son, interpretación, ritmo, espazo...					

EXERCICIO 3 (20% da nota final): Escrita dun texto dramático.	DEFICIENTE 0,00 – 4,99	REGULAR 5,00 – 6,99	BO 7,00 – 8,99	EXCELENTE 9,00 – 10	OBSERVACIÓNS
Adecuación ás premisas do exercicio.					
Coherencia entre a forma e o contido (a intención, o sentido).					
Emprego axeitado da lingua.					
Singularidade na composición do texto. Capacidade de vehicular algo propio a través do exercicio.					
EXERCICIO 4 (20% da nota final): Proba de dirección de actores.	DEFICIENTE 0,00 – 4,99	REGULAR 5,00 – 6,99	BO 7,00 – 8,99	EXCELENTE 9,00 – 10	OBSERVACIÓNS
Claridade e coherencia na concepción e comunicación da proposta.					
Evolución do ensaio: concreción no punto de partida e do de chegada. Capacidade de adaptarse aos cambios durante o desenvolvemento do exercicio.					
Precisión das indicacións aos actores e actrices.					
Uso adecuado do espazo escénico.					
EXERCICIO 5 (20% DA NOTA FINAL): Entrevista persoal.	DEFICIENTE 0,00 – 4,99	REGULAR 5,00 – 6,99	BO 7,00 – 8,99	EXCELENTE 9,00 – 10	OBSERVACIÓNS
Corrección discursiva e lingüística e adaptación comunicativa na expresión oral.					
Respostas ás cuestión formuladas polos membros da comisión de avaliación.					

CUALIFICACIÓN GLOBAL DO MEMBRO DO TRIBUNAL (0-10 puntos): ____ . ____ (ata dous decimais)

Vigo, _____ de _____ de _____

Asinado:

ANEXO III: CUALIFICACIÓN PROBA DE ACCESO, ESPECIALIDADE DE ESCENOGRAFÍA

NOME E APELIDOS DO/A ASPIRANTE:

NOME E APELIDOS MEMBRO DO TRIBUNAL:

DEBUXO DO NATURAL [40 %]	DEFICIENTE 0,00 – 4,99	REGULAR 5,00 – 6,99	BO 7,00 – 8,99	EXCELENTE 9,00 – 10	OBSERVACIÓNS
Adecuación do debuxo					
Encaixe					
Proporcións e dimensións					
Axustes ao formato dado					
Planos: 1º, 2º, 3º...					
Sombras e luces					
Elixo técnica adecuada					
PROPOSTA DESEÑO ESCENOGRAFÍA [40 %]					
Elixo os materiais adecuados					
Executa o deseño adecuadamente					
Transmite ideas na proposta					
Adecúase correctamente ao fragmento					
Axústase ao tempo					
ENTREVISTA PERSOAL [20 %]					
Mostra interese polos estudos					
Ten boa disposición					
Contesta adecuadamente ás preguntas					
Disponibilidade horaria (ensinanzas presenciais)					

CUALIFICACIÓN GLOBAL DO MEMBRO DO TRIBUNAL (0-10 puntos): ____ . ____ (ata dous decimais)

Vigo, _____ de _____ de _____

Asinado:

ANEXO III: CUALIFICACIÓN PROBA DE ACCEO EN INTERPRETACIÓN

NOME E APELIDOS DO ASPIRANTE:

NOME E APELIDOS MEMBRO DO TRIBUNAL:

MOVIMENTO (30% da nota final)	DEFICIENTE 0,00 – 4,99	REGULAR 5,00 – 6,99	BO 7,00 – 8,99	EXCELENTE 9,00 – 10	OBSERVACIÓNS
Aptitudes corporais: sentido rítmico, sentido espacial, capacidades físicas, presenza escénica.					
Creatividade no movemento: imaxinación, innovación e orixinalidade no uso do corpo, do ritmo e do espazo.					
Interacción co grupo: dispoñibilidade corporal, capacidade de asociación, capacidade de reacción.					
VOZ (30% da nota final)	DEFICIENTE 0,00 – 4,99	REGULAR 5,00 – 6,99	BO 7,00 – 8,99	EXCELENTE 9,00 – 10	OBSERVACIÓNS
Calidade vocal: timbre, rexistro, proxección, sentido rítmico.					
Conciencia e uso da respiración.					
Comprensión e expresión lectora: dicción e expresión.					
INTERPRETACIÓN (30% da nota final)	DEFICIENTE 0,00 – 4,99	REGULAR 5,00 – 6,99	BO 7,00 – 8,99	EXCELENTE 9,00 – 10	OBSERVACIÓNS
Aptitude: integración, imaxinación, concentración.					
Actitude: compromiso, esforzo.					
Habilidades para o traballo en equipo: atención, interacción, ductilidade.					
ENTREVISTA	DEFICIENTE	REGULAR	BO	EXCELENTE	OBSERVACIÓNS

(10% da nota final)	0,00 – 4,99	5,00 – 6,99	7,00 – 8,99	9,00 – 10	
Corrección discursiva e lingüística e adaptación comunicativa na expresión oral.					
Adecuación das respostas ás cuestións formuladas polos membros do tribunal.					

CUALIFICACIÓN GLOBAL DO MEMBRO DO TRIBUNAL (0-10 puntos): ____ . ____ (ata dous decimais)

Vigo, _____ de _____ de _____

Asinado: